

Auschwitz explicado á miña filla

Este cuestionario foi utilizado como proba de lectura do libro *Auschwitz explicado á miña filla*. Cando realizamos a corrección conxunta, aproveitamos a ocasión para facer comentarios que aclarasen e desenvolvesen conceptos, procesos, terminoloxía do Holocausto, en xeral.

CUESTIONARIO

- A onde deportaran a Berthe xunto con outras persoas sen fillos?
 - o Ao Vel d'Hiv
 - o A Drancy
 - o A Auchchwitz

Por que non levaron a Berthe ao Velódromo de Inverno? Podémonos remitir á lectura do relato homónimo de Juana Salabert *Velódromo de invierno* (Alianza Editorial, 2009) e, por suposto, ao filme de Roselyne Bosch *La Rafle*, traducido en España por *La redada*.

Francés: <https://www.youtube.com/watch?v=qXOmQ3tcmnw>

Español: <https://www.youtube.com/watch?v=aWS4faCYoqg>

- o Porque casara cun alemán
 - o Porque alí non ían mulleres
 - o Porque era solteira
- De que se trataba verdadeiramente o campo de Drancy?
 - o Dun campo de exterminio
 - o Dun campo de tránsito
 - o Dun campo de concentración
- A onde deportaron a Berthe despois de estar quince días noutro lugar?
 - o A Birkenau
 - o A Auschwitz
 - o A Mauthausen
- Que enuncia Primo Levi nunha das súas obras despois das actuacións dos alemáns cos xudeus una vez chegados aos campos de concentración?
 - o Perdemos a vida
 - o Xa nada nos pertence
 - o Xa todo dá o mesmo
- Cando chega Hitler ao poder? Esta pregunta formulámola para deixar claro que o Holocausto comezou nesa data. Tanto a bibliografía do Holocausto como a escola internacional para o estudo do Holocausto de Yad Vashem establecen o ano 1933, ano da suba ao poder de Hitler, como o comezo da persecución dos xudeus, dos deficientes mentais alemáns, dos xitanos, dos homosexuais e dos adversarios políticos dos nazis. Polo tanto, o inicio do camiño cara ao exterminio.
 - o 1933
 - o 1935
 - o 1931

- Cal era o cometido principal que Hitler tiña ante os xudeus de Alemaña?
 - o Desvencellalos da vida socio-político alemá
 - o Convertelos ao protestantismo
 - o Deportalos a outros países
- En que ano se viu nacer o tan ansiado estado sionista?
 - o 1938
 - o 1944
 - o 1948
- Que xudeus eran maioría en Alemaña antes da chegada ao poder de Hitler?
 - o Os comprometidos coa política xudía
 - o Os comprometidos co xudaísmo
 - o Os que non exercían a relixión
- Que filósofo xudeu foi integrante da Academia francesa?
 - o Lemkin
 - o Kaplan
 - o Bergson
- Quen vivía en Drancy antes da chegada dos xudeus?
 - o Centos de franceses
 - o Ninguén
 - o Menos de cen franceses
- Quen recomendara incluír nas deportacións aos nenos?
 - o Heinrich Himmler
 - o Pierre Laval
 - o Herbert Kappler
- Cando se atoparon os planos dos crematorios despois da liberación, que se decidiu facer?
 - o Unha réplica en Washington
 - o Maquetas para museus
 - o Cedelos ao goberno israelí
- Quen tiña a decisión de separar aos xudeus; uns para o traballo, os outros para crematorios?
 - o Os policía
 - o As SS
 - o Os médicos
- Que poeta francés se cita entre as respostas da nai?
 - o Víctor Hugo
 - o Paul Valery
 - o Antonin Artaud
- Que alemán se converteu na man dereita de Hitler?
 - o Heinrich Himmler
 - o Pierre Laval
 - o Herbert Kappler
- Cal era a principal diferenza entre os campos de Auschwitz e de Birkenau?
 - o Birkenau era un campo de concentración; Austchwitz, de aniquilización
 - o Austchwitz era un campo de aniquilización; Birkenau, de tránsito
 - o Austchwitz era un campo de concentración; Birkenau, de aniquilización

- Que orixe(s) ten o concepto de “xenocidio”?¹

¹ Hai dúas correntes historiográficas que intentaron comprender a maneira en que se organizou o xenocidio dos xudeus. Ambas están de acordo en constatar a enormidade dos crimes cometidos e así, os historiadores «intencionalistas» pensan que o xenocidio estaba xa presente no programa de Hitler desde 1919-1920, mentres que os historiadores «funcionalistas» sosteñen que o xenocidio foise xestando conforme avanzaba a guerra, moi a miúdo, mediante a improvisación e en medio da loita entre os diferentes poderes do sistema nazi. Para os intencionalistas, Hitler aparece como o motor da política antisemita nazi, manifestándose nos seus escritos e nas súas arengas; el é considerado o único estratega con suficiente autoridade e determinación para levar a cabo a realización da «Solución Final». As desordes da guerra proporcionáronlle a Hitler a cobertura necesaria para cometer os asasinatos desenfreados. Tales operacións precisaban un escenario onde as regras da moral ou os habituais códigos de guerra non tivesen vixencia. Os funcionalistas poñen en cuestión a idea de que a evolución do Terceiro Reich fora o resultado da aplicación dun plano preestablecido, enunciado en *Mein Kampf* e minuciosamente preparado durante o «período de loita» previo á toma de poder, en 1933. Esta corrente estuda a xénese da «Solución Final», os procesos de decisión e os complexos resortes da súa aplicación baseándose na importancia decisiva das circunstancias políticas e militares que existían entre 1940-1941. Unha vez efectuada a deportación e a concentración a grande escala das poboacións xudías do leste, concretamente os xudeus polacos, os responsables nazis, especialmente os da Polonia ocupada, atopáronse perante unha situación material inadministrable que a invasión da URSS, en xuño de 1941, e o avance das tropas alemás na fronteira oriental fixérona aínda máis crítica. A decisión de exterminar en masa os xudeus, que segundo eles se produce en outono de 1941, sería o resultado dunha conxunción de factores: o fanatismo ideolóxico extremo, as diverxencias dos aparatos burocráticos e a anarquía dunha situación que os nazis non controlaban. Esta problemática produciu o enfrontamento entre funcionalistas e intencionalistas. Os primeiros argumentaron que, a pesar de que Hitler pregoase o exterminio en masa dos xudeus, os núcleos da burocracia do Terceiro Reich tiveron vida propia e executaron accións ás costas do Führer. Os últimos defenderon que o líder nazi estivo ao mando todo o tempo e que foi o gran responsable polo Holocausto.

O principal biógrafo de Hitler, Ian Kershaw, esforzouse aparentemente para superar a dicotomía funcionalismo/intencionalismo. A chave analítica para entender o Terceiro Reich atópase no capítulo 12 (Traballar para o Führer) da súa obra sobre o líder nacionalsocialista. Kershaw demostra que a maneira personalizada de Hitler para gobernar estimulou unha brutal competición entre os funcionarios nazis e as diferentes instancias da burocracia do réxime. Esta emulación provocou que os burócratas do goberno tomasen iniciativas por anticipación, presumiblemente aliñadas coas vontades do Führer. A mesma lóxica impregnou os alemáns comúns, que denunciaban os «inimigos» do Estado nazi (en *O pianista*, Szpilman tivo que fuxir pola escaleira dun edificio no que se agochara porque unha veciña desconfiou da súa pertenza xudía). É probable que tal *modus operandi* fose a xustificación do asasinato en masa dos xudeus. A mediados dos anos 90 do século pasado, o científico social Renato Lessa, desenvolveu -no paraninfo do Instituto de Filosofía e Ciencias Sociais (IFCS) da Universidade Federal de Río de Xaneiro (UFRJ)- nun relatorio a idea pola cal a Shoah representaría o grao máximo de malignidade humana. Non se trataba dunha cuestión numérica. Lessa opinaba que a análise do exterminio xudeu non tiña que limitarse aos algoritmos presentes en representacións estatísticas. Na súa argumentación insistía en que non lembraba un acontecemento de similares características, onde o mal se manifestase con tanta forza e presenza. É probable que un tutsi ilustre de Ruanda, que viviu as *batidas das faccións*, non concordase con Lessa. Se callar, unha muller bosnia-musulmana que vivise en Srebrenica baixo a ocupación das tropas do Xeneral serbio Ratko Mladic, manifestaría o mesmo desacordo.

Porén, Lessa resaltou dous puntos fundamentais: a) xamais houbo na Historia un Estado que tornase os seus esforzos en destruír, de xeito tan concienciado, fisicamente a un pobo. Lembremos que os trens eran desviados do teatro da guerra para seren empregados como medios de transporte para trasladar xudeus aos campos de exterminio; b) tal eliminacionismo exterminista, como explicaría Goldhagen, foi viable grazas aos recursos tecnolóxico-científicos da época, cuxo uso asumiu un nivel extraordinario (as cámaras de gas e todo o que as rodeaba son o mellor exemplo disto).

Alén de que o problema do Holocausto é a maior simbolización da malignidade do home, nótese que este fenómeno eliminacionista produciu consecuencias impactantes para o mundo contemporáneo. Exemplos: 1. Creou condicións para o nacemento do Estado de Israel; e 2. transformouse nunha plataforma, desde o punto de vista da memoria, que serviu de base para que outras minorías reivindicasen o recoñecemento público das súas respectivas historias de padecemento (as discusións oportunas dos intelectuais negros norteamericanos, ratificando o carácter imprescindible de preservar a memoria da escravitude, na época da inauguración do Museu Memorial do Holocausto nos Estados Unidos en 1993). De aí a argumentación de Michael Rothberg ao apuntar que en lugar de pensar en memorias que concorren entre elas, é

- o Grega
 - o Latina
 - o As dúas son correctas
- Quen creou o concepto de “xenocidio”?
 - o Lemkin
 - o Kaplan
 - o Bergson
- Cal é o significado de “xenocidio”?
 - o Matanza indiscriminada
 - o Aniquilación dun pobo
 - o Asasinato de multitude de persoas
- Que concepto designa o “sacrificio no lume”. Remitímonos á explicación contida en «Presentación do libro Historia da Shoah» (bloque de inicio).
 - o Xenocidio
 - o Holocausto
 - o Shoáh
- Que concepto designa a “destrución” dos xudeus de Europa? Na época en que os xudeus estaban sendo recluídos en guetos, os rabinos polacos falaban de “Hurban”, literalmente “destrución” en hebreo. Non usaban Shoah porque este termo estaba reservado á destrución do Primeiro Templo (Salomón, babilonios) e do Segundo (Herodes, romanos). Como todos os termos suscitaron controversia, filósofos como Giorgio Agambem, prefiren denominalo ‘Auschwitz’ *Homo Sacer III. El archivo y el testigo* (Valencia: Pre-textos, 2000). A idea de “Hurban” está na base do título do historiador Raul Hilberg e a súa magna obra de referencia imprescindible *The Destruction of the European Jews* (Yale University Press, 2003). *La destrucción de los judíos europeos* (Madrid: Akal Ediciones).
 - o Xenocidio
 - o Holocausto
 - o Shoáh
- Que outros xenocidios se deron no s.XX?
 - o A dos tutsis e a dos armenios
 - o A dos armenios e a dos hutus
 - o A dos tutsis e a dos hutus
- Nun principio, os nazis tiñan pensado deportar aos xudeus á illa de...
 - o Guadalupe
 - o Madagascar
 - o Córcega
- Que(n) era o “Judenrät”?
 - o O presidente xudeu dos guetos
 - o O goberno xudeu dos guetos
 - o Os xudeus máis vellos dos guetos

intelectualmente máis fecundo subliñar a multidireccionalidade dos procesos de memorialización. Estes procesos, considerando o Holocausto coma un acontecemento paradigmático, procuran máis espazo no eido público (BAHIENSE DA SILVA, C. L. e R. PINTO DOS SANTOS (2015) «Cinema e genocídio no século XX: análise dos grandes massacres étnicos, religiosos e sociais» en: TEIXEIRA DA SILVA, F. SCHURSTER SOUSA LEÃO, K. e I. LAPSKY (coords.) *O cinema vai à guerra*, pp. 132-133. Río de Xaneiro: Elsevier Editora Ltda.

- Onde agochaban os seus diarios os xudeus dos guetos?
 - o Entre as raíces das árbores
 - o Nos ocos das paredes
 - o Baixo terra
- Quen experimentou en persoas o masacre por obediencia a unha autoridade?
 - o Lemkin
 - o Kaplan
 - o Milgram
- Con quen se practicou a destrución de vidas mediante gas? Esta pregunta dá para explicar os programas de euxeñese que puxeron en marcha os nazis (Himmler, *Aktion T4*) eliminando a todos os enfermos mentais alemáns que non reunían as condicións de arianidade establecidas por eles.
 - o Enfermos mentais
 - o Mestizos
 - o Xitanos
- Cal foi o mes do ano máis arrepiante da historia de 1942?
 - o Maio
 - o Novembro
 - o Xullo

Que organización francesa salvou moitos nenos xudeus? A escola internacional para o ensino do Holocausto de Yad Vashem realiza as adaptacións pedagóxicas do seu currículo centrándose primeiro nas vítimas, por suposto, logo nos perpetradores (axentes «verdugos») do xenocidio, pero tamén, nos *bystanders*, que se podería traducir por «aqueles que están de espectadores», é dicir, están aí parados/as, sen facer nada. Esta clasificación procede da xa ampla historiografía do Holocausto que pretendía con ela buscar respostas ás causas do xenocidio explorando todas as disciplinas do coñecemento.

Cando nós asistimos ao curso de verán desta escola, tivemos unha sesión de traballo en que trasladamos as tres categorías a unha situación de acoso na aula. Alí xurdiu un debate para ver como podíamos organizar unha actividade en que estivesen representados a vítima de acoso, o acosador (perpetrador) e os espectadores (o resto da clase), claro, nesta última categoría habería que dividir a aqueles que axudan a vítima, os que colaboran co acosador, e os que están de simples elementos pasivos ou, no fondo, son colaboradores pasivos.

- o O “Eclaireurs Israelites de France”
 - o A “Oeuvre de Secours aux Enfants”
 - o O “Mouvement des Jeunesses Sionistes”
- Que familiar da nena combateu nos movementos de resistencia armada?
 - o O bisavó
 - o O avó
 - o O pai
- Como actuaban os grupos de resistencia armada contra os nazis?
 - o Organizando revoltas
 - o Descarrilando trens
 - o Queimando vehículos nazis
- Quen dirixiu o grupo de resistencia creado no gueto de Varsovia?
 - o Anieliewicz

- o Edelman
- o Étienne
- En que se transformou despois da guerra o gueto de Varsovia?
 - o Nunha vila
 - o Nun parque
 - o Nun museu

Cando se comezaron a abrir diferentes procesos xudiciais contra os nazis?

Cfr. «Cinema e xenocidio no século XX: análise dos grandes massacres étnicos, relixiosos e sociais».

O concepto da *banalidade do mal* que Arendt ilustra en *Eichmann en Xerusalén* (2013) perfílase ao longo das sesións do xuízo ao dirixente nazi e verifícase desde o comezo coma unha categoría de éxito, plenamente asumida polo imaxinario conceptual das ciencias sociais e que transcende o tema da Shoá e, mesmo, a cuestión do mal. É dicir, a *banalidade* toma corpo autónomo como categoría de determinadas sociedades e as súas consecuencias non teñen por que acadar as cotas terroríficas ás que chegaron os nazis. Por exemplo, o estadio acadado pola sociedade de consumo de masas actual, non podería estar considerada como chea de banalidade? podería terse producido un *Black Friday* se non fose así? a expansión magnética de *selfies* e *whatsapp*? ou as ridículas andainas de políticos polos programas televisivos na procura do voto? En definitiva, a *banalidade* veu para quedarse.

Da polémica suscitada polo libro de Arendt nos medios xudeus dan conta os últimos artigos de *Escritos xudíos* (2009) -Capítulo: *Cuarta parte: la década de los 60-* coas réplicas ás acusacións e ostracismo inicial que padeceu por ter desvelado condutas non precisamente virtuosas nos *Judenrät* (Consellos dos guetos), nas tentativas de transacción xudeo-nazis na procura do mal menor ou as intencións de Ben Gurion e o goberno pola instrumentalización propagandística do xuízo. Moitos entenderon que banalizar o mal era tamén banalizar o crime. As críticas feitas por Arendt están maioritariamente asumidas nos distintos ámbitos, xudeus ou non, como se revela en *Historia da Shoah* que utilizamos de referente.

A cuestión do «crime de Lesa humanidade» tamén chamado «crime contra a humanidade» ou como a autora matiza, «crime contra a condición humana» sorprende pola preocupación técnica que manifesta en institucionalizar este delito, coma se soubese da dificultade que ía padecer a súa asunción polo conxunto dos países e o incipiente *Dereito Internacional*.

O groso da cuestión atopámolo no Epílogo, dende a páxina 367 da edición orixinal. Aí caracterízase a cuestión do «crime contra a Humanidade» (CCH) pola vía da negación dos delitos e conceptos preexistentes que ían ser superados ou negados pola implementación da Shoá: -o CCH obriga a superar ou negar o dereito que se amparaba na idea do Estado-nación como único ámbito de resolución dos conflitos entre dereitos da cidadanía. Non habería así dereitos que trascenderan as fronteiras do Estado absolutamente soberano co que a idea de dereito natural quedaría imposibilitada.

-A Shoá como CCH é un fenómeno completamente novo, inédito. Erraban os propios xudeus que inserían os crimes nazis na tradición bimilenaria de persecución antixudía e que, porén, tiña a súa fundamentación noutros

alicerces. Como é novo, os crimes nazis non poden ampararse na retroactividade das leis e enxuízalos é lexítimo e necesario.

- O CCH non é un crime de Guerra. A Shoá desenvólvese durante a guerra, pero identificalos é un erro. Arendt entende que os xuízos de Nuremberg incorren nel como revela a condición de militares vencedores dos compoñentes do tribunal. Por suposto, nesa continxencia non podería ter sido doutro modo, pero débese combater a súa institucionalización. Isto debe fundamentarse no *Dereito Internacional* e os tribunais serán civís e transnacionais, polo que han de levar a cabo unha práctica do Dereito rigorosamente delimitada e tecnicamente perfecta.

- O *Dereito Internacional* non pode amparar na comisión de delitos de «lesa humanidade» a apelación ao dereito de Estado (*raison d'état*) nin a obediencia debida (ou cumprimento de ordes superiores, como prefire a autora). No primeiro caso, a razón de Estado só se pode entender coma algo excepcional conducente a recuperar a orde previa posta en perigo por unha ameaza circunstancial. No caso nazi, non cabe tal apelación posto que o réxime institucionalizou (ou pretendíao) o crime facéndoo razón de seu. Onde o criminal vertebra a orde legal constituída non cabe o amparo do cumprimento de ordes superiores porque hai unha obriga de saber a que causa se serve. A sorprendente apelación ao imperativo categórico kantiano por parte de Eichmann vólveselle na súa contra xa que a esixencia ética de Kant obríganos a afondar criticamente nas consecuencias do noso comportamento e non agocharnos na *irreflexibilidade* que Arendt consideraba o principal atributo do acusado.

Referencias:

Arendt H. (2013) *Eichmann en Jerusalén*. España: Penguin Random House Grupo Editorial España.

Arendt H. (2009) *Escritos judíos*. Barcelona: Editorial Paidós

Xusto despois da vitoria das grandes potencias.

o Despois do xuízo a Papón

o Despois do xuízo a Eichmann

- Como se lles coñece a aqueles que negaban a existencia das cámaras de gas?

O movemento negacionista tivo unha importante implantación en Francia a finais dos anos setenta da man de profesores universitarios como Robert Faurisson e Paul Rassinier con fortes vencellos cos seus homónimos alemáns, italianos e americanos. A súa argumentación baséase sobre todo na inexistencia dun documento asinado por Hitler onde orde a 'Solución Final do problema xudeu' e as escasas probas da existencia das cámaras de gas.

o Negacionistas

o Ilusionistas

o Abnegacionistas

- Continúa a cita: "Tedes unha tumba..."

o habitando os fogares

o nos baleiros das nubes

o no recendo do aire

- Como se coñece o crime de Maurice Papon?

- o Crime de despacho

- o Crime de pluma

- o Crime de secretariado

O xenocidio xudeu denomínase comunmente como *Holocausto*. A palabra provén do grego, expresando o significado que segue: «aquilo que se queima como ofrenda». Polo tanto, non é o concepto máis axeitado para tratar o asasinato en masa practicado polos nazis, que, como é sabido, culminou coa morte de seis millóns de hebreos. Eles non se ofreceron ao autosacrificio. O termo é politicamente problemático, pois suxire pasividade ou compracencia das vítimas en relación aos seus verdugos. A partir de 1985, o fenómeno tamén pasou a ser coñecido como Shoah («catástrofe» ou «destrución»). A nova perspectiva conceptual foi posible grazas ao título homónimo do filme de Claude Lanzmann. A pesar dos problemas morfolóxicos, o vocábulo *holocausto* non foi proscrito da literatura especializada nin moito menos.

A expresión xenocidio xudeu traduciría, efectivamente, o acontecemento? Raphael Lemkin² foi o responsable da elaboración do concepto de xenocidio. Nado o 24 de xuño de 1900, na pequena cidade de Vaulkovisk, en Bielorrusia, Lemkin habería de sentirse orgulloso polo feito de que esta categoría chegaría a adquirir un valor universal. Ao producila, no final da Segunda Guerra Mundial (1944), o intelectual tivo como referencia o pensamento racial e antisemita de Hitler, que se facía presente no seu libro autobiográfico (*Mein Kampf*, *A miña loita*). Téñase en conta que, por aquel entón, as atrocidades perpetradas contra os xudeus, isto é, cámaras de gas, fornos crematorios, campos de exterminio non eran coñecidos polo grande público.

Lemkin, ao analizar o pensamento do Führer, albiscou a idea de xenocidio a través dun trazo biolóxico/racial, de onde vén o uso do prefixo *geno*. O termo implicaba a destrución física, étnica, relixiosa e cultural dun pobo, polo que non debía aplicarse exclusivamente á experiencia dos hebreos. Os massacres só representaban algúns substratos do xenocidio. Esta mesma palabra englobaba máis accións coma, por exemplo, as restricións relativas á sexualidade, saúde e alimentación; máis ca iso, accións xenocidas que traían consigo o compoñente da *intencionalidade*, é dicir, esixíanse procesos previos de identificación e selección do grupo que se pretendía eliminar. Aínda que naceu no campo das ciencias sociais, o xenocidio incorporouse, en canto a ferramenta analítica, ao dereito internacional (as implicacións de tal incorporación foron tematizadas proveitosamente por Jacques Sémelin).

A descuberta dos campos de exterminio, pezas constitutivas do proxecto hitleriano e cuxo obxectivo era promover a extinción dos xudeus (*Judenrei*), levou á Organización das Nacións Unidas a recoñecer oficialmente o crime do xenocidio. As imaxes dos superviventes cos seus corpos enfermizos para evocar os acontecementos aterradores contribuíron moito nisto. O 9 de decembro de 1948, a Resolución 230 da “Convención sobre a prevención e represión do crime do xenocidio” da ONU, no seu artigo 2, definiu a categoría nos seguintes termos: actos con «intención de destruír, total ou parcialmente, un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso». Tales actos clasificáronse en cinco: a) «morte de membros do grupo»; b) «ataques graves á integridade física ou mental de membros do grupo»; c) submisión intencional do grupo a condicións de existencia que leven á súa destrución física total ou parcial»; d) medidas que prevían dificultar os

² Fragmento dunha entrevista a Raphael Lemkin: <https://www.youtube.com/watch?v=moByGLA7FDc>
[Consulta: 31/10/2016]

nacementos no seo do grupo; e e) «transferencias forzadas de nenos do grupo para outro grupo».

A definición conceptual da ONU presentaba ambigüidades. Lemkin tamén traballara coa noción de «xenocidio cultural». A destrución das prácticas culturais dun grupo tamén podía ser vista como unha acción xenocida. Así e todo, o artigo 2 da Resolución 230 non tivo en consideración iso (os defensores do organismo internacional suxeriran que cultura se asociaba aquí á etnicidade). Había outro erro. Os potenciais obxectivos do xenocidio eran individuos pertencentes a un agrupamento nacional, étnico, racial ou relixioso. Onde se concluíu que as persoas relacionadas con grupos políticos ou económicos non estiveran protexidas pola clasificación da ONU.

Malia os problemas referidos ao concepto, o asasinato en masa da poboación xudía pode traducirse, sen prexuízo do fenómeno histórico, como xenocidio. No clásico *Eichmann en Jerusalén: relato sobre la banalidad del mal*, Hannah Arendt³ usou o termo xenocidio poucas veces. A súa utilización foi meramente incidental. Arendt descartou por completo a palabra *Holocausto*. A filósofa preferiu usar a expresión “masacres administrativos”, que evocaba asasinatos realizados de forma técnica, industrializada, por un sistema político marcado por unha máquina burocratizante. A expresión de Arendt non se afianzou e os massacres continuaron a verse como acontecementos autónomos coma, por exemplo, a execución dos case 22 mil oficiais polacos polos membros de NKVD nos montes de Katyn, en maio de 1940, ou epifenómenos de procesos xenocidas como Babi-Yar, en setembro de 1941, cando 33 771 xudeus foran fusilados en 48 horas polos comandos do *Einsatzgruppe C*.

BAHIENSE DA SILVA, C. L. e R. PINTO DOS SANTOS (2015) «Cinema e genocídio no século XX: análise dos grandes massacres étnicos, religiosos e sociais» en: TEIXEIRA DA SILVA, F. SCHURSTER SOUSA LEÃO, K. e I. LAPSKY (coords.) *O cinema vai à guerra*, pp. 120-122. Río de Xaneiro: Elsevier Editora Ltda.

³ Arendt Hannah (2003) *Eichmann en Jerusalén: relato sobre la banalidad del mal*. Bos Aires: Lumen

RESUMEN DEL LIBRO

«A partir del juicio que en 1961 se llevó a cabo contra Adolf Eichmann, teniente coronel de las SS y uno de los mayores criminales de la historia, Hannah Arendt estudia en este ensayo las causas que propiciaron el holocausto, el papel equívoco que desempeñaron en tal genocidio los consejos judíos -cuestión que, en su época, fue motivo de una airada controversia-, así como la naturaleza y la función de la justicia, aspecto que la lleva a plantear la necesidad de instituir un tribunal internacional capaz de juzgar crímenes contra la humanidad. Poco a poco, la mirada lúcida y penetrante de Arendt va desentrañando la personalidad del acusado, analiza su contexto social y político y su rigor intachable a la hora de organizar la deportación y el exterminio de las comunidades judías. Al mismo tiempo, la filósofa alemana estudia la colaboración o la resistencia en la aplicación de la Solución Final por parte de algunas naciones ocupadas, expone problemas que aún hoy día no se han dilucidado -la relación entre la legalidad y la justicia- y cuya trascendencia sigue determinando la escena política de nuestros días. # Treinta años después de su publicación, Eichmann en Jerusalén sigue siendo uno de los mejores estudios sobre el holocausto, un ensayo de lectura inaplazable para entender lo que sin duda fue la gran tragedia del siglo XX»

Fonte:

<http://www.casadellibro.com/libro-eichmann-en-jerusalen-un-estudio-sobre-la-banalidad-del-mal/9788426413451/895277> [Consulta: 31/10/2016]

